



**FORMACIÓN
PROFESIONAL**



2014 - 2015



Familia profesional

**Edificación
e obra civil**

**aquí hai
futuro**

E O C C

XUNTA DE GALICIA



CM Construción

Ciclo formativo de grao medio

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Executar obras de albanería e de formigón, cumprindo as condicións e os prazos establecidos, así como as prescricións de calidade, de seguridade e ambientais, organizando, controlando e valorando os traballos.

En que ámbitos se traballa? Exércese a actividade no sector da construción, en pequenas, medianas e grandes empresas construtoras, e en Administracións públicas, por conta allea ou por conta propia, desenvolvendo traballos de albanería e/ou de formigón para a construción, a rehabilitación, o mantemento e a reforma en edificación e obra civil.

Que ocupacións se desempeñan? Xefe/a de equipo de fábricas de albanería; xefe/a de equipo de albaneis de urbanización; xefe/a de equipo de encofrado; xefe/a de equipo de ferralla; xefe/a de taller de ferralla; xefe/a de equipo de albaneis de cubertas; xefe/a de equipo e/ou encargado/a de azulexadores/as e solladores/as; albanel; colocador/ora de ladrillo cara vista; colocador/ora de bloque prefabricado; albanel tabiqueiro; albanel de pedra de construción; cachoteiro/a; oficial de miras; albanel de urbanización; pavimentador/ora con lastros; pavimentador/ora con baldosas e lousas; pavimentador/ora à base de formigón; poceiro/a en redes de saneamento; encofrador/ora; encofrador/ora de edificación; encofrador/ora de obra civil; ferrallista; albanel de cubertas; tellador/ora; montador/ora de tella; operario/a de lousa; colocador/ora de lousa; montador/ora de cubertas de paneis e chapas; aplicador/ora de revestimentos continuos de fachadas; azulexador/ora sollador/ora; instalador/ora de sistemas de impermeabilización en edificios e obra civil; impermeabilizador/ora de terrazas.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0995	Construción	133
1º	MP0999	Encofrados	160
1º	MP0997	Fábricas	160
1º	MP1006	Formación e orientación laboral	107
1º	MP1000	Formigón armado	133
1º	MP0996	Interpretación de planos de construción	107
1º	MP0998	Revestimentos	160
2º	MP1004	Cubertas	140
2º	MP1343	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1344	Formación en centros de traballo	410
2º	MP1005	Impermeabilizacións e illamentos	53
2º	MP1002	Obras de urbanización	105
2º	MP1001	Organización de traballos de construción	87
2º	MP1003	Sollados, azulexados e chapados	192

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.

Que título se obtén? Técnico en construción.

Que unidades de competencia se acreditan? A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0997 Fábricas.	UC0142_1 Construír fábricas para revestir. UC0143_2 Construír fábricas vistas. UC1375_2 Colocar cachotaría, cantaría e perpiaño.
MP0998 Revestimentos.	UC1938_2 Executar recrecidos planos para revestimento en construción.
MP0999 Encofrados.	UC1912_2 Pór en obra encofrados verticais. UC1913_2 Pór en obra encofrados horizontais.
MP1000 Formigón armado.	UC0869_1 Elaborar pastas, morteiros, adhesivos e formigóns. UC1905_2 Realizar a armaxe manual e a colocación en obra de armaduras.
MP1002 Obras de urbanización.	UC1321_1 Pavimentar con formigón impreso e empedrados. UC1929_2 Executar pavimentos de urbanización. UC1930_2 Executar elementos complementarios de pavimentos de urbanización. UC1931_2 Tender tubos de saneamento e construír rexistros e cámaras.
MP1003 Sollados, azulexados e chapados.	UC1942_2 Executar azulexados e chapados. UC1943_2 Executar solados con pezas ríxidas.
MP1004 Cubertas.	UC0870_1 Construír vertentes para cubricións. UC1908_2 Montar estrutura metálica lixeira para cubricións. UC1909_2 Construír tableiros e cubricións con chapa conformada, paneis e placas. UC1910_2 Construír a cubrición con tella e lousa.
MP1005 Impermeabilizacións e illamentos.	UC1917_2 Executar as capas e os elementos do sistema de impermeabilización complementarios da membrana. UC1918_2 Impermeabilizar con membranas bituminosas. UC1919_2 Impermeabilizar con membranas sintéticas.
MP0995 Construción.	UC0141_2 Organizar traballos de albanería.
MP0996 Interpretación de planos de construción.	UC1360_2 Controlar a nivel básico riscos en construción.
MP1001 Organización de traballos de construción.	UC1911_2 Organizar traballos de cubricións e impermeabilizacións. UC1932_2 Organizar traballos de albanería de urbanización.

Que módulos profesionais se validan? A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0143_2 Construír fábricas vistas.	MP0997 Fábricas.
UC1375_2 Colocar cachotaría, cantaría e perpiaño.	
UC1938_2 Executar recrecidos planos para revestimento en construción.	MP0998 Revestimentos.
UC1912_2 Pór en obra encofrados verticais.	MP0999 Encofrados.
UC1913_2 Pór en obra encofrados horizontais.	
UC1905_2 Realizar a armaxe manual e a colocación en obra de armaduras.	MP1000 Formigón armado.
UC1929_2 Executar pavimentos de urbanización.	MP1002 Obras de urbanización.
UC1930_2 Executar elementos complementarios de pavimentos de urbanización.	
UC1931_2 Tender tubos de saneamento e construír rexistros e cámaras.	
UC1942_2 Executar azulexados e chapados.	MP1003 Sollados, azulexados e chapados.
UC1943_2 Executar solados con pezas rixidas.	
UC1908_2 Montar estrutura metálica lixeira para cubricións.	MP1004 Cubertas.
UC1909_2 Construír tableiros e cubricións con chapa conformada, paneis e placas.	
UC1910_2 Construír a cubrición con tella e lousa.	
UC1917_2 Executar as capas e os elementos do sistema de impermeabilización complementarios da membrana.	MP1005 Impermeabilizacións e illamentos.
UC1918_2 Impermeabilizar con membranas	
UC1919_2 Impermeabilizar con membranas sintéticas.	
UC0141_2 Organizar traballos de albanería.	MP0995 Construción.
UC1360_2 Controlar a nivel básico riscos en construción.	MP0996 Interpretación de planos de construción.
UC1911_2 Organizar traballos de cubricións e impermeabilizacións.	MP1001 Organización de traballos de construción.
UC1932_2 Organizar traballos de albanería de urbanización.	

Nota. Os módulos profesionais MP0995: construción e MP0996: interpretación de planos de construción validaranse cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

CM Obras de interior, decoración e rehabilitación

Ciclo formativo de grao medio

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Organizar e executar os acabamentos de construción en obra nova, reforma e rehabilitación, realizando chans, particións e teitos, mediante a instalación de paneis ou pezas prefabricadas, a colocación de placas ou láminas, a aplicación de revestimentos continuos e a pintura de superficies, cumprindo as condicións e os prazos establecidos, así como as prescricións de calidade, de seguridade e ambientais.

En que ámbitos se traballa? Sector da construción, en pequenas, medianas e grandes empresas construtoras, e en Administracións públicas, por conta allea ou propia, desenvolvendo traballos de obras de interior e decoración para a construción, a rehabilitación, o mantemento e a reforma en edificación e obra civil.

Que ocupacións se desempeñan? Xefe/a de equipo de revestimentos con pastas e morteiros; xefe/a de equipamento e/ou encargado/a de azulexadores/as e solladores/as; xefe/a de equipo de instaladores/as de sistemas prefabricados de xeso laminado ou falsos teitos; xefe/a de equipo e/ou encargado/a de pintores/as e empapeladores/as; aplicador/ora de revestimentos continuos de fachadas; revocador/ora de construción; alicatador/ora sollador/ora; instalador/ora de placa de xeso laminado; instalador/ora de falsos teitos; xunteiro/a de placa de xeso laminado; colocador/ora de prefabricados lixeiros en construción; colocador/ora de pavimentos lixeiros, en xeral; colocador/ora de moqueta; instalador/ora de pavimentos elevados rexistrables; instalador/ora de sistemas de anteparos e paneis técnicos; pintor/ora e/ou empapelador/ora; pintor/ora de interiores; pintor/ora decorador/ora de interiores; pintor/ora de obra; pintor/ora de fachadas de edificación.

Caes son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1196	Anteparos y chans técnicos	107
1º	MP0995	Construción	133
1º	MP1201	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0996	Interpretación de planos de construción	107
1º	MP1195	Particións prefabricadas	187
1º	MP1194	Revestimentos continuos	187
1º	MP1197	Teitos suspendidos	132
2º	MP1202	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1203	Formación en centros de traballo	410
2º	MP1200	Organización de traballos de interior, decoración e rehabilitación	70
2º	MP1199	Pintura decorativa en construción	192
2º	MP1198	Revestimentos lixeiros	123
2º	MP1003	Sollados, azulexados e chapados	192

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.

Que título se obtén? Técnico en obras de interior, decoración e rehabilitación.

Que unidades de competencia se acreditan? A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP1003 Sollados, azulexados e chapados.	UC1942_2 Executar azulexados e chapados. UC1943_2 Executar solados con pezas rixidas.
MP1194 Revestimentos continuos.	UC1939_2 Revestir mediante morteiro monocapa, revocadura e lucido. UC1940_2 Revestir mediante pastas e morteiros especiais de illamento, impermeabilización e reparación.
MP1195 Particións prefabricadas.	UC1903_1 Realizar operacións básicas en instalación de placa de xeso laminado. UC1920_2 Instalar tabiques e extradorsados autoportantes de placa de xeso laminado. UC1922_2 Tratar xuntas entre placas de xeso laminado.
MP1196 Anteparos y chans técnicos.	UC1924_2 Instalar pavimentos elevados rexistrables. UC1925_2 Instalar anteparos e empanelados técnicos desmontables.
MP1197 Teitos suspendidos.	UC1903_1 Realizar operacións básicas en instalación de placa de xeso laminado. UC1921_2 Instalar sistemas de falsos teitos. UC1922_2 Tratar xuntas entre placas de xeso laminado.
MP1198 Revestimentos lixeiros.	UC1902_1 Instalar pavimentos lixeiros con apoio continuo. UC1933_2 Realizar revestimentos murais en papel, en fibra de vidro e vinílicos.
MP1199 Pintura decorativa en construción.	UC0871_1 Sanear e regularizar soportes para revestimento en construción. UC0873_1 Aplicar imprimacións e pinturas protectoras en construción. UC1934_2 Realizar acabamentos decorativos de pintura en construción.
MP0995 Construción. MP0996 Interpretación de planos de construción. MP1200 Organización de traballos de interior, decoración e rehabilitación.	UC1360_2 Controlar a nivel básico riscos en construción. UC1923_2 Organizar traballos de instalación de placa de xeso laminado e falsos teitos. UC1935_2 Organizar traballos de pintura en construción. UC1941_2 Organizar traballos de revestimentos continuos conglomerados e rixidos modulares en construción.

Que módulos profesionais se validan? A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC1942_2 Executar azulexados e chapados. UC1943_2 Executar solados con pezas rixidas.	MP1003 Sollados, azulexados e chapados.
UC1939_2 Revestir mediante morteiro monocapa, revocadura e lucido. UC1940_2 Revestir mediante pastas e morteiros especiais de illamento, impermeabilización e reparación.	MP1194 Revestimentos continuos.
UC1920_2 Instalar tabiques e extradorsados autoportantes de placa de xeso laminado. UC1922_2 Tratar xuntas entre placas de xeso laminado.	MP1195 Particións prefabricadas.
UC1924_2 Instalar pavimentos elevados rexistrables. UC1925_2 Instalar anteparos e empanelados técnicos desmontables.	MP1196 Anteparos y chans técnicos.
UC1921_2 Instalar sistemas de falsos teitos. UC1922_2 Tratar xuntas entre placas de xeso laminado.	MP1197 Teitos suspendidos.
UC1933_2 Realizar revestimentos murais en papel, en fibra de vidro e vinílicos.	MP1198 Revestimentos lixeiros.
UC1934_2 Realizar acabamentos decorativos de pintura en construción.	MP1199 Pintura decorativa en construción.
UC1360_2 Controlar a nivel básico riscos en UC1923_2 Organizar traballos de instalación de placa de xeso laminado e falsos teitos. UC1935_2 Organizar traballos de pintura en UC1941_2 Organizar traballos de revestimentos continuos conglomerados e rixidos modulares en construción.	MP0995 Construción. MP0996 Interpretación de planos de construción. MP1200 Organización de traballos de interior, decoración e rehabilitación.

Nota. Os módulos profesionais MP0995: construción e MP0996: interpretación de planos de construción validaránse cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

CS Realización e plans de obra

Ciclo formativo de grao superior

Título LOXSE

Perfil profesional

Duración

1.700 horas

Que se aprende a facer? Intervir na execución de obras civís e de edificación, organizando as quenadas, realizando o seguimento da planificación, materializando os planeamentos e comprobando a aplicación do plan de seguridade.

En que ámbitos se traballa? Planificación, programas, métodos e análises de custos, produción, apoio técnico, control e seguimento, xestión de recursos, seguridade, execución calidade/inspección.

Que ocupacións se desempeñan? Encargado xeral de obra, técnico de seguridade e hixiene, axudante de obra, técnico en organización de obras axudante en organización, encargado de planta de prefabricados, axudante topográfico, axudante de planificación, etc.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	CSAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80
1º	CS0FOL	Formación e orientación laboral	55
1º	CSHC50	Horas á disposición do centro	50
1º	CS0160	Organización de faenas de obra	290
1º	CS0161	Plans de obra	130
1º	CS0162	Plans de seguridade na construción	110
1º	CS0165	Proxecto integrado	80
1º	CS0RCT	Relacións no contorno de traballo	55
1º	CS0168	Replanteos de obra	110
2º	CS0156	Formación en centros de traballo	740

Que título se obtén? Técnico superior en realización e plans de obra.

CS Proxectos de edificación

Ciclo formativo de grao superior

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? A competencia xeral deste título consiste en elaborar a documentación técnica de proxectos de edificación, realizar trazas de obra e xestionar o control documental para a súa execución, respectando a normativa e as condicións ambientais, de calidade e de seguridade

En que ámbitos se traballa? As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade como persoal asalariado ou autónomo en estudos de arquitectura, enxeñaría e delineación, en consultorías, en promotoras inmobiliarias, en empresas construtoras e na Administración. A súa actividade está establecidas.regulada.

Que ocupacións se desempeñan? Delineante proxectista de edificación; delineante de edificación; delineante de instalacións; maquetista de construción; axudante de xefe/a de oficina técnica; axudante de planificador/ora; axudante de técnico/a de control de custos; técnico/a de control documental; especialista en trazas; axudante de procesos de certificación enerxética de edificios; técnico/a de eficiencia enerxética de edificios; delineante proxectista de redes e sistemas de distribución de fluídos.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0567	Deseño e construción de edificios	133
1º	MP0562	Estruturas de construción	107
1º	MP0573	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0565	Implantacións de construción	133
1º	MP0568	Instalacións en edificación	133
1º	MP0563	Representacións de construción	347
2º	MP0571	Desenvolvemento de proxectos de edificación non residencial	123
2º	MP0570	Desenvolvemento de proxectos de edificación residencial	210
2º	MP0569	Eficiencia enerxética en edificación	70
2º	MP0574	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0575	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0564	Medicións e valoracións de construción	87
2º	MP0566	Planificación de construción	87
2º	MP0572	Proxecto en edificación	26

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.

Que título se obtén? Técnico superior en proxectos de edificación.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP0563	Representacións de construción.	UC0638_3	Realizar representacións de construción.
MP0570	Desenvolvemento de proxectos de edificación .	UC0639_3	Realizar e supervisar desenvolvementos de proxectos de edificación.
MP0571	Desenvolvemento de proxectos de edificación non residencial.	UC0876_3	Xestionar sistemas de documentación de proxectos de construción.
MP0568	Instalacións en edificación.	UC0640_3	Representar instalacións de edificios.
MP0566	Planificación de construción.	UC0874_3	Realizar o seguimento da planificación en construción.
MP0564	Medicións e valoracións de construción.	UC0875_3	Procesar o control de custos en construción.
MP0565	Implantacións de construción.	UC0879_3	Realizar implantacións de proxectos.
MP0567	Deseño e construción de edificios.	UC1195_3	Colaborar no proceso de certificación enerxética de edificios.
MP0569	Eficiencia enerxética en edificación.		

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0638_3	Realizar representacións de construción.	MP0563	Representacións de construción.
UC0639_3	Realizar e supervisar desenvolvementos de proxectos de edificación.	MP0570	Desenvolvemento de proxectos de edificación residencial.
UC0876_3	Xestionar sistemas de documentación de proxectos de construción.	MP0571	Desenvolvemento de proxectos de edificación non residencial.
UC0640_3	Representar instalacións de edificios.	MP0568	Instalacións en edificación.
UC0874_3	Realizar o seguimento da planificación en construción.	MP0566	Planificación de construción.
UC0875_3	Procesar o control de custos en construción.	MP0564	Medicións e valoracións de construción.
UC0879_3	Realizar implantacións de proxectos.	MP0565	Implantacións de construción.
UC1195_3	Colaborar no proceso de certificación enerxética de edificios.	MP0569	Eficiencia enerxética en edificación.

Nota. O módulo profesional MP0567: deseño e construción de edificios validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

CS Proxectos de obra civil

Ciclo formativo de grao superior		Título LOE
	Perfil profesional	Duración 2.000 horas

Que se aprende a facer? Elaborar a documentación técnica de proxectos de obra civil e de ordenación do territorio, realizar levantamentos e implantacións de obras de construción e xestionar o control documental para a súa execución, respectando a normativa e as condicións establecidas de calidade, seguridade e ambiente.

En que ámbitos se traballa? Como traballadores autónomos ou asalariados en estudos de delineación, de arquitectura e de enxeñaría, promotoras, empresas de servizos técnicos e consultorías, empresas construtoras, concesionarias e de explotación, e empresas doutros sectores cuxas actividades presenten unha marcada incidencia territorial con actividades de explotación de recursos naturais e Administracións públicas. A súa actividade está regulada.

Que ocupacións se desempeñan? Delineante proxectista de estradas, delineante proxectista de urbanización, delineante de obra civil, delineante de servizos urbanos, práctico en topografía, especialista en levantamento de terreos, especialista en levantamento de construcións, especialista en implantacións, aparellista, delineante de topografía, axudante de xefe/a de oficina técnica, axudante de planificador/ora, axudante de técnico/a de control de custos, técnico/a de control documental, maquetista de construción, delineante proxectista de redes e sistemas de distribución de fluídos.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0562	Estructuras de construción	107
1º	MP0775	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0565	Implantacións de construción	133
1º	MP0770	Redes e servizos en obra civil	133
1º	MP0563	Representacións de construción	347
1º	MP0769	Urbanismo e obra civil	133
2º	MP0773	Desenvolvemento de proxectos de obras lineais	105
2º	MP0772	Desenvolvemento de proxectos urbanísticos	175
2º	MP0776	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0777	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0771	Levantamentos topográficos	123
2º	MP0564	Medicións e valoracións de construción	87
2º	MP0566	Planificación de construción	87
2º	MP0774	Proxecto en obra civil	26

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.

Que título se obtén? Técnico superior en proxectos de obra civil.

Que unidades de competencia se acreditan? A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0563 Representacións de construción.	UC0638_3 Realizar representacións de construción.
MP0772 Desenvolvemento de proxectos urbanísticos.	UC0641_3 Realizar e supervisar desenvolvementos de proxectos de estradas e de urbanización.
MP0773 Desenvolvemento de proxectos de obras lineais.	UC0876_3 Xestionar sistemas de documentación de proxectos de construción.
MP0770 Redes e servizos en obra civil.	UC0642_3 Representar servizos en obra civil.
MP0566 Planificación de construción.	UC0874_3 Realizar o seguimento da planificación en construción.
MP0564 Medicións e valoracións de construción.	UC0875_3 Procesar o control de custos en construción.
MP0771 Levantamentos topográficos.	UC0877_3 Realizar traballos de campo para levantamentos. UC0878_3 Realizar traballos de gabinete para levantamentos.
MP0565 Implantacións de construción.	UC0879_3 Realizar implantacións de proxectos.

Que módulos profesionais se validan? A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0638_3 Realizar representacións de construción.	MP0563 Representacións de construción.
UC0641_3 Realizar e supervisar desenvolvementos de proxectos de estradas e de urbanización.	MP0773 Desenvolvemento de proxectos de obras lineais.
UC0876_3 Xestionar sistemas de documentación de proxectos de construción.	MP0772 Desenvolvemento de proxectos urbanísticos.
UC0642_3 Representar servizos en obra civil.	MP0770 Redes e servizos en obra civil.
UC0874_3 Realizar o seguimento da planificación en construción.	MP0566 Planificación de construción.
UC0875_3 Procesar o control de custos en construción.	MP0564 Medicións e valoracións de construción.
UC0877_3 Realizar traballos de campo para levantamentos.	MP0771 Levantamentos topográficos.
UC0878_3 Realizar traballos de gabinete para levantamentos.	
UC0879_3 Realizar implantacións de proxectos.	MP0565 Implantacións de construción.

Nota. O módulo profesional MP0769: urbanismo e obra civil validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

Oferta de ensinanzas

Réxime	Código	Ciclo																		
Réxime de adultos a distancia	ZSEOC02	Proxectos de obra civil																		
Réxime de adultos presencial	ZSEOC02	Proxectos de obra civil																		
	ZSEOC01	Proxectos de edificación																		
	ZMEOC02	Obras de interior, decoración e rehabilitación																		
Réxime ordinario	ZMEOC01	Construción																		
	CSEOC02	Proxectos de obra civil																		
	CSEOC01	Proxectos de edificación																		
	CS08003	Realización e plans de obra																		
Concello	Código	Centro																		
A Coruña																				
Betanzos	15001148	IES As Mariñas		■																
Coruña, A	15024513	CIFP Someso	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■
Ferrol	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro		■	■															
Santiago de Compostela	15027058	IES As Fontiñas		■	■														■	
Lugo																				
Lugo	27006516	CIFP Politécnico de Lugo		■	■															
Ribadeo	27020793	CIFP Porta da Auga																	■	
Ourense																				
Carballada de Valdeorras	32016467	IES Sección de Sobradelo-Carballada																	■	
Ourense	32015050	CIFP A Farixa		■	■															■
Pontevedra																				
Pontevedra	36019268	IES Gonzalo Torrente Ballester		■	■															
Vigo	36011634	IES Politécnico de Vigo	■	■	■														■	■

Información

Concello	Código	Centro	Teléfono	Correo-e
A Coruña				
Betanzos	15001148	IES As Mariñas	981775811	ies.asmarinas@
Coruña, A	15024513	CIFP Someso	981282200	cifp.someso@
Ferrol	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	981321565	cifp.rodolfo.ucha@
Santiago de Compostela	15027058	IES As Fontiñas	981573440	ies.as.fontinas@
Lugo				
Lugo	27006516	CIFP Politécnico de Lugo	982220328	cifp.politecnico.lugo@
Ribadeo	27020793	CIFP Porta da Auga	982128894	cifp.portadaauga@
Ourense				
Carballada de Valdeorras	32016467	IES Sección de Sobradelo-Carballada	988335093	ies.sobradelo.carballada@
Ourense	32015050	CIFP A Farixa	988236552	cifp.farixa@
Pontevedra				
Pontevedra	36019268	IES Gonzalo Torrente Ballester	986863612	ies.torrente.ballester@
Vigo	36011634	IES Politécnico de Vigo	986213025	ies.politecnico.vigo@

Nota. Ao enderezo electrónico débese engadir edu.xunta.es. Máis información sobre os centros educativos: enderezo postal, enderezo web ou datos de xeolocalización en www.edu.xunta.es/webcentros





Onde informarse

Departamentos de orientación dos centros educativos

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo de San Caetano

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teléfonos 981 544 400 - 981 544 376

dxefpie@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/fp



galicia



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA